

ANÁLISE RESULTADOS ELECCIÓN GALEGAS 2005

Estas pasadas eleccións foron as de maior participación en toda a historia de autonomía galega nunhas autonómicas. Votou o 68,1% do electorado, 111.833 persoas máis que nas de 2001. Así e todo esta participación dista moito do 76,12% das eleccións xerais do ano pasado o cal amosa o interese dos galegos e galegas polo goberno da súa autonomía.

BALANCE DE PERDAS-GAÑANCIAS:

PP	Perdeu o 6% dos votantes que tivera nas eleccións de 2001 (-41.742 votos). Dos votantes perdidos, o 40,5% produciuse no rural, seguido das cidades (33%) e nas vilas e concellos medios* (25%).
PSOE	Experimenta unha suba do 59% ao respecto da súa base electoral de 2001 (+189.057 votos). O voto urbano representa o 38% desta suba, seguido do das vilas (33%) e do rural (27%).
BNG	Perdeu o 10% da súa base electoral anterior (-34.614 votos). O 48% da perda de votantes do BNG produciuse nas cidades, seguida do rural (42%) e das vilas e núcleos medios (10%). É nas vilas e concellos medios onde o BNG ten unha menor caída de votos.

*concellos con censo superior aos 8.000 votantes.

TRASVASE DE VOTOS

A suma de:

Novos votantes	111.833
Perda do PP	41.742
Perda do BNG	34.614
TOTAL	188.189

O que equivale practicamente a suba experimentada polo PSOE (+189.057 votos).

A respecto dos trasvases de votos anunciados por *Sondaxe* no seu último inquérito (13/06/05), PP e BNG duplican os seus trasvases previstos ao PSOE.

A suba experimentada polo PSOE ten as seguintes fontes:

TABOA I. AUTONÓMICAS 05

1. Novos votantes	59,2%
2. Trásvase do PP	22,1%
3. Trásvase do BNG	18,3%
4. Outros	0,5%

TENDENCIAS DO VOTO NACIONALISTA:

1. A RESPECTO DAS ELECCIÓNS XERAIS DO ANO PASADO:

O BNG conserva nestas eleccións o 90% da súa base electoral (daquela só conservara o 66% perdendo o 33% dos seus votantes).

O PSOE segue a medrar a custa do BNG, só que nesta ocasión faino en menor proporción de tal xeito que nesta ocasión "come" máis dos votantes do PP que do BNG.

Efectivamente, nas eleccións do 14-M, cunha participación do 76,12%, o medre do PSOE produciase a conta de:

TABOA II. XERAIS 04

1º. Novos votantes	39%
2º. Trásvase do BNG	35%
3º. Trásvase do PP	26%

Quere isto dicir que a respecto das xerais do ano pasado o PSOE non medra tanto a conta do BNG como dos novos votantes (compárese **TABOA I** con **TABOA II**).

2. A RESPECTO DAS AUTONÓMICAS DE 2001.

A última vez que X.M. Beiras foi candidato á presidencia da Xunta o BNG prantexara unha campaña para entrar no voto rural e de centro. Non se acadou este obxectivo senón que o electorado do BNG -ao non enxergar unha posibilidade de derrotar o PP ou ás tan socorridas causas "endóxenas e exógenas" de sempre e que todos coñecemos- optou por se abster.

Efectivamente, o descenso en votos do BNG do 2,2% que se dera a respecto das autonómicas de 1997 (teito electoral do BNG) equivalía ao descenso experimentado na participación (-2,1%).

Entón os analistas indicaban que a abstención dos votantes do BNG era o primeiro paso para o trásvase ao PSOE, como así se constataría tanto nas municipais de 2003 como nas xerais e europeas de 2004 nas que o BNG chegou a perder entre o 33-40% da súa base electoral.

Nas autonómicas de 2001 o BNG perdeu o 13% da súa base electoral anterior. Desde entón na vida interna tiveron lugar dúas polémicas Asembleas Nacionais, o cuestionamento público de X.M.Beiras pola UPG, a substitución do candidato á Presidencia da Xunta, un relevo no liderazgo mal levado que ate propiciou o amago de dimisión do novo candidato á Xunta en Xullo pasado, o gran erro de pedir o NON no referendo da Constitución Europea e por último o "portazo" de X.M.Beiras a mes e medio destas eleccións. Son estes elementos de motivación para atraer novos votantes ou conservar os que se tiñan?

Con todo este panorama o BNG experimentou o pasado domingo unha perda do 10% da súa base electoral conseguindo xa que logo, reducir a taxa de drenaxe de votos ao PSOE (relembramos que o PSOE chegou nas xerais do ano pasado a 653.597 votos e que agora acadou 509.340).

3. O BNG COMO FORZA DE GOBERNO.

Desde as municipais de 2003 o BNG goberna en 17 concellos que representan o 9,2% do censo electoral galego. A respecto das autonómicas de 2001 o BNG **perdeu** o 3,3% da súa base electoral nestes concellos.

O BNG cogoberna co PSOE en 19 concellos que representan o 10,4% do censo electoral galego. Nestes concellos a respecto das autonómicas de 2001 o BNG **subiu** un 2,8% da súa base electoral.*

* Dato este de difícil explicación.